



A súa visión crítica e longa traxectoria investigadora acredítano como un dos intelectuais máis valorados do panorama social, en xeral, e do educativo, en particular. As súas opinións, fundamentadas nun rigoroso estudo da situación, son sempre motivo de discusión entre os que comparten os seus puntos de vista e os que se posicionan en lugares diametralmente opostos. Nada escapa ás súas críticas e ninguén permanece indiferente diante delas.

Mariano Fernández Enguita

A escola como organización educadora

Gena Borrajo

Directora Eduga

Fotografía: **Fernando Bellas**

É consciente da polémica que suscitan os seus artigos?

Eu non escribo coa intención de xerar polémica. O que acontece é que no mundo da socioloxía por un lado, e no da educación por outro, hai unha tendencia a culpar de todo o que acontece o sistema, ou como moito as políticas. E se o problema non está aí,

daquela son as familias, o medio ou a sociedade. Todo o mundo o fai mal, salvo nós que o facemos ben. E eu creo que iso non se sostén. Un mestre, un profesor, como calquera profesional que ten ampla autonomía no seu traballo e que traballa con persoas nun medio institucional, pase o que pase, para ben e para mal, ten unha boa parte de

responsabilidade. E digamos que, en educación, hai pouco costume de chamar as cousas polo seu nome.

Con frecuencia afirmase que a escola non evoluciona ao ritmo que a sociedade lle impón. Cal é o problema?

A escola sempre foi por detrás da sociedade. Non obstante, en boa

medida, foi o grande instrumento de modernización da sociedade. Nas sociedades tradicionais aprendíase a ser labrego ao lado do pai labrego ou a ser ferreiro co ferreiro. Non se precisaban nin unha profesión, nin unha institución, nin un lugar específicos. Pero a escola vólvese necesaria cando a xente pasa do campo á cidade, da economía de subsistencia ao intercambio, da transmisión oral á escrita, etc. Nese momento convértese no instrumento dun grupo dominante que quere arrastrar o resto, e só vai por detrás da vangarda desa sociedade. O que sucede hoxe é que os cambios son moito máis rápidos e non hai unha vangarda, senón moitas vangardas. E nese contexto a escola perde pé completamente.

Quere dicir iso que mesmo podería cuestionarse a súa existencia?

Non, ao contrario. Hoxe necesítase máis que nunca, porque vivimos na sociedade da información e a escola é a encargada de converter esa información en coñecemento, e o que é máis difícil aínda, en sabedoría, en sentido común. É verdade que arestora o seu papel está cuestionado, pero iso responde máis ben aos cambios aos que debe enfrontarse. A escola xa non pode consistir nun grupo de mestres e profesores que estudaron tres, catro ou cinco anos na universidade e xa saben o que hai que facer para o resto da súa vida.

Daquela, a formación permanente ten especial relevancia na actualidade. Non obstante, hai voces que apuntan que os resultados desta modalidade formativa non foron todo o vantaxosos que cabía agardar.

O problema é que ata o momento non houbo ningún tipo de control. Calquera compañía ou empresa cando lles dá formación aos seus empregados, preocúpase de que aprendan e, se non son capaces de adquirir a formación necesaria, recoñécenselles uns dereitos de indemnización e rematan na rúa. No mundo do ensino non. Aquí acumúlanse

puntos pola mera asistencia, inclusive cando a formación que se oferta non ten nada que ver coa especialidade do que a recibe. Isto é unha situación patética que colide con calquera principio de eficacia. Pero a formación permanente é hoxe máis necesaria que nunca.

Vostede dixo que cada vez é máis difícil que quede alguén ao que a escola lle descubra un mundo, e que o que debería desvelarlle é outro xeito de velo. Podería describir ese mundo que deberían ver os alumnos?

Non. Non podo describilo, porque é imposible. O que hai que facer é preparar a xente para a incerteza. Non quere dicir isto que todo vale. Agora non serve o modelo de profesor que o sabe todo e con toda claridade, fronte ao alumno que non sabe. Pasamos da certeza de ter unha cultura boa e facilitarlla ao alumno, á incerteza de dispoñer dunha cultura que non poderíamos consumir en centos ou miles de anos. E iso obríganos a seleccionar. Sendo así, a escola xa non ensina nada novo, pois o verdaderamente novo nin sequera chegou a ela. En realidade ensinan moito máis rápido os medios de comunicación e a propia cidade. Por ese motivo, hai que ensinar os alumnos a desenvolverse no medio desa variedade de información e dentro dunha oferta plural de valores.

Na adquisición de valores a familia xoga un papel determinante. Pero vostede fala “dunha quebra parcial de funcións por parte da familia”. Presupón isto que a escola deba asumir, polo menos, parte dese labor?

Por suposto. Moitas das funcións educativas socializáronse. Iso non ten nada de sorprendente. Hoxe as familias non fan o pan, non saben das noticias no lavadoiro ou na taberna, senón que acoden á panadaría e len o xornal. De igual xeito, mandan os seus fillos á escola para que reciban unha educación. Polo tanto, o laído xeral sobre o incumprimento de funcións da





familia non ten sentido. Simplemente hai unha serie de tarefas das que agora a familia non pode facerse cargo porque os homes e as mulleres traballan, e porque a distancia entre as capacidades e a cultura familiar, e as posibilidades e oportunidades da cultura global é moito maior que nunca.

Mencione algunha desas tarefas que debe asumir a escola

Por exemplo, aprender a vivir cos outros, con xente distinta. Non abonda con que che digan como debes comportarte, senón que tes que aprender a non discriminalos pola súa raza, a aceptar que hai diferentes formas de vida, a recoñecer e respectar o valor de culturas distintas á túa, etc. Isto hai que vivilo, e a escola é o contexto inmillorable. Circunscribir a educación á vida familiar sería, neste particular, como ter os rapaces nun zulo. Quizá aquí, a diferenza coa escola radique en que a familia está disposta a recoñecer a súa quebra e a escola non.

Deberíamos falar entón dunha escola de valores?

A escola sempre foi transmisora de valores. Durante un século ou século e medio veuse dicindo que a educación é algo máis có ensino. O grave é que neste momento haxa que recordalo. En xeral, un adulto fronte a un neno, unha institución que aproba unhas normas de conduta e non outras, os mesmos textos: todo transmite valores. O importante é que transmitimos e, aínda máis, se os presentamos como valores únicos, ou se se fai un intercambio reflexivo.

Unha vez máis, escola educadora...

Si. E o realmente preocupante é que se vaia convertendo nunha máxima o de “vimos instruír e non educar”. Isto calou de tal maneira na sociedade, que ata un persoeiro coma Saramago, dicía aínda non hai moito tempo, que o problema dos profesores –referíndose aos de secundaria– é que poden ensinar, mais non educar. Se só se



tratase de ensinar, coas dúcias de métodos de ensino programado que existen, e recursos, como Internet, programas de ordenador, etc. todo sería moito máis sinxelo.

Habemos de volver, logo, ao mestre na súa versión máis xenuína?

O mestre da nosa infancia xa non existe, nin pode existir. Cada vez máis a educación do alumno depende dun equipo, do centro. Do total de horas que un neno ou unha nena pasa nun centro de primaria, pouco máis da metade está co titor. Ten que ser logo a organización a que garanta que o centro sexa máis que unha suma de profesores. Porque cando o centro é unicamente unha suma de profesores, cada un, individualmente, é menos do que sería só. Cando un profesor sae da aula non pode ignorar o que acontece polos corredores, nin pode desentenderse dun alumno que ten dificultades amparándose en que debe ser atendido por outro especialista. Creo que as virtudes do antigo mestre só se poden recuperar a través dunha nova organización.

Deixou claro que debería revisarse a formación permanente. Vaíamos agora á formación inicial do profesorado. Cre que debería mellorarse?

A formación inicial non cambiou practicamente nos últimos cincuenta

anos. Seguimos tendo excelentes xeógrafos, matemáticos, filólogos, etc. que saben moi pouco de educación. Iso non supoñía maior problema cando os alumnos eran unha minoría da poboación e, ademais, asistían á clase convencidos e eran incondicionais da escola. Pero

Cando o centro é só unha suma de profesores cada profesor, individualmente, é menos do que sería só

hoxe, ante uns rapaces e rapazas que, nalgúns casos, deben permanecer escolarizados contra a súa vontade; cunha grande variedade de problemas e circunstancias familiares e sociais, a cousa enléase. Por outro lado, temos mestres que si recibiron unha formación pedagóxica, pero que presentan carencias de contido substantivo e na actualidade é insuficiente. Por tanto, creo que deberían revisarse os currículos destas carreiras.

Dende o ano 1990 ata agora houbo tres reformas educativas

Si. Eu penso que a LOXSE necesitaba emendas. Coa LOCE prodúcese un retroceso, concretamente, un paso atrás na *comprehensividad* e na participación da comunidade. E iso obriga a facer unha terceira lei, a LOE, que recolle, non obstante, cousas que introduciu a LOCE, mais que garante un ensino *comprehensible*. Ora ben, creo que o carácter ideolóxico, partidista, mesmo de desquite, da LOCE provocou o efecto aleivoso de impedir un debate máis repousado e profundo sobre as limitacións, os erros e as consecuencias imprevistas da LOXSE.

En calquera caso, non lle parecen demasiadas reformas?

É verdade que cada lei xeral dura menos que a anterior, pero isto débese á aceleración do cambio social, en xeral. De cara ao futuro é previsible que non se sucedan tantas reformas. Os cambios serán máis moleculares e sobre o terreo, máis diversos e máis dispersos. A Administración educativa establecerá unha serie de condicións e obxectivos xerais e o modo de adaptalos será tarefa dos centros. Por iso, insisto, cada vez vai ter máis importancia o proxecto educativo do centro. Ben entendido que este proxecto debe ser algo máis que unha simple declaración de principios.

No contexto que describe, que papel cre que debe desenvolver a dirección dos centros?

Os directores adquiren arestora unha especial importancia, xa que cómpre coordinar e darlles sentido a todas as accións educativas do centro, e establecer vías de intercambio co contorno. Por iso é necesario reforzar a dirección. A LOXSE contribuíu a eliminala a e a LOE non o arranxa. Coido que este é un paso que a Administración aínda non se atreveu a dar porque bate cun forte corporativismo do sector.

Cales son para vostede as mellores achegas da nova lei?

Para min, o mellor é que introduce bastante flexibilidade, fai máis responsables os centros e fala máis da responsabilidade dos profesores. En realidade, non introduce grandes cambios, pero ten unha música que soa mellor.

Vostede afirmou que a universidade xera e sostén unha cultura academicista que levanta unha barreira entre profesor e alumno, ¿de que xeito contribúe vostede a evitar que isto aconteza nas súas clases?

No meu departamento estamos neste momento metidos nunha reforma de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Neste contexto pretendemos que os alumnos comprendan en que consiste toda a súa actividade e que eles mesmos colaboren na planificación e organización da mesma. Con iso intentamos que asuman responsabilidades, tomen decisións e participen na súa formación de xeito

A educación do alumno depende, cada vez máis, do centro como tal

activo. Pero teño que dicir que é unha tarefa difícil, que non estamos seguros de atinar e que nos enfrontamos a fortes inercias entre os profesores e entre os propios alumnos.

Fala de asunción de responsabilidades e de participación, ¿considera que a materia Educación para a Cidadanía, contribuirá a mellorar estes aspectos da educación?

Coido que si. E dígoo eu, que contribuíu no que puiden á supresión dunha materia denominada Educación para a Convivencia que se implantara coa experimentación das ensinanzas medias,

antes da LOXSE. O meu argumento, daquela, era que esta materia acabaría por converterse nunha maría á que os alumnos non lle farían caso, e que axudaría a disociar a teoría da práctica, a contradicir o que se dicía co que realmente acontecía nos centros. Os que pensabamos así defendíamos, por un lado, a continuidade e ubicuidade destes contidos a través do que logo se chamaría transversalidade; e por outro, que as estruturas e os procesos do centro fosen máis democráticos. E está claro que foi un erro.

Recoñecer os erros non é doado

Ben, os feitos están aí e non se pode obviar o evidente. É certo que eu non tiña capacidade de decisión á hora de suprimir aquela materia, pero, non cabe dúbida de que cos meus artigos, conferencias e cursos axudei. O caso é que se elidiu e, nin a formación democrática se estendeu a todo o currículo, nin as súas prácticas



As virtudes do antigo mestre só se poden recuperar a través dunha nova organización

chegaron a todos os ámbitos da vida escolar. Por iso creo que a nova materia pode favorecer a reflexión sobre a propia práctica. Ben entendido que a materia non o é todo. Tamén necesitamos mecanismos de participación de pais e alumnos máis eficaces, así como unha maior corresponsabilidade de todo o persoal do centro.

Habería que clarificar o que entendemos por cidadanía

Eu definiría a cidadanía como o modo no que nos relacionamos coas persoas ás que non queremos. E o centro constitúe para os nenos a primeira organización social na que poden experimentar como se comportan os demais con eles. Aquí desenvolven un papel importante os adultos. Por iso é tan importante que haxa unha liña de comportamento similar en todas as clases, e que non existan espazos sen lei. Débense crear mecanismos de pertenza, de

identificación do alumno co centro, que haxa criterios comúns e obrigatorios para todos. Deberíamos adaptar e facer noso o refrán africano: Necesítase todo un centro para educar un neno.

No ámbito que describe, poderían atoparse vías de solución á conflitividade non desexada nos centros?

Sen ningunha dúbida. De todos modos, hai que ter en conta que se empeza a falar de conflitividade e, sobre todo de violencia, no momento no que os profesores se ven afectados directamente. Hai sete ou oito anos saltan todas as alarmas cando unha nai sacode unha profesora, un pai ameaza un profesor ou uns alumnos pícanlle as rodas do coche ao seu mestre. E, sen dúbida, estes feitos son graves, posto que un profesor é unha autoridade e hai que respectalo polo que representa. Pero tamén é verdade que, por cada profesor que sofre un incidente desta natureza, hai centos ou miles de alumnos que son vítimas dalgún dos seus compañeiros.

Refírese ao *bullying*?

Xa non me vou referir a estes casos tan espectaculares, senón ás pequenas crueldades que os preceden. E isto pasa, entre outras cousas, porque unha parte crecente do profesorado se

desentende progresivamente do que non é o seu grupo, do que non é a súa aula, do que non son as súas horas de clase, ou do que non é o ensino. Creo xa que logo que é necesario reforzar as titorías e redobrar a vixilancia nos recreos, nos comedores, etc.

Cre que o profesorado goza de boa consideración social?

Si. En contra do que se di, goza de boa consideración social. Polo menos iso revelan as enquisas, que a grande escala son moito máis fiables cás impresións individuais. O que non hai xa é un cheque en branco. Isto é, cren ata que deixan de crer. En xeral, hoxe os pais preocupáanse moito da educación dos seus fillos e, en particular, da escolarización. Pero tamén hai que ter en conta os profesores teñen a mesma formación que hai cincuenta anos, mentres que os pais e as nais mellorárona substancialmente e, daquela, contan con máis elementos de xuízo á hora de valorar a escola.

Vostede dixo que o poder profesional do profesorado se manifestou nun crecente illamento da escola respecto da sociedade ¿ese illamento aumentou, talvez, a distancia entre a escola e o mercado de traballo?

O ensino aínda está moi ancorado no modelo da organización xerárquica. E



Como o vimos. Para este catedrático de Socioloxía da Universidade de Salamanca o mundo educativo parece que non ten segredos. As súas ideas son produto de moitas horas de estudo e reflexión. De aí que a verdade, a súa verdade, sexa unha cuestión de honra e deba prevalecer por riba de calquera outra consideración. Predica cos feitos e non dubida en recoñecer os seus propios erros, que adoita utilizar como medio de mellora e crecemento persoal. Con aspecto sereno dá respostas directas, claras e sen vacilacións sobre temas sociais e educativos. Elude con elegancia calquera referencia ao seu lado máis humano, aínda que recoñece a súa paixón polos cans e os cabalos e recorda con nostalgia o ano semiclandestino vivido en Vigo no ocaso da ditadura. Desa etapa rememora con señardade o mar, o verdor de Galicia e o acento local.

hoxe, tanto o que traballa por conta propia como o que se move no ámbito das organizacións, debe mostrar maior iniciativa e capacidade para o traballo en equipo. A escola debería ensinar a asumir responsabilidades. Os alumnos están pouco acostumados a tomar decisións sobre o que han de facer. Por outra parte, a formación debería ser máis xenérica e facilitarlles a posibilidade de aprender ao longo de toda a vida.

O último informe da OCDE dálle unha chamada de atención ao noso sistema educativo. Que opina disto?

Eu escribín o meu primeiro artigo científico sobre a taxa de fracaso da primeira xeración do ensino xeral básico. As cifras referíanse ao curso 1974-1975. Paréceme recordar que naquel tempo a taxa de fracaso era a mesma que agora, pero cunha diferenza, que antes a saída do sistema obrigatorio producíase aos catorce anos e agora aos dezaseis. Polo tanto, podería verse, mesmo, como un progreso. E aposto a que nos próximos anos descenderá, como sucedeu xa nos oitenta. En fin, hai que recoñecer que temos un problema. Pero o dato debe terse en conta para actuar, para poñer os medios e tomar as medidas que consideremos axeitadas, non para presentalo como unha catástrofe anunciada, xa que nin é verdade, nin conduce a ningunha parte.

No informe hai un dato alentador. Melloramos o nivel de educación, e a sociedade é agora máis igualitaria. En que ámbitos se percibe mellor ese progreso?

Na igualdade entre homes e mulleres. As mulleres alcanzaron os homes e superáronos. A súa presenza na universidade é boa proba diso. Non hai moitas nas enxeñarías, pero iso é o que acontecía hai anos na medicina, por exemplo, e hoxe a tendencia inverteuse. Este é o grande éxito da escola en materia de igualdade. É verdade que a nivel xeral é un éxito limitado, visto que non se traduciu en igualdade no mundo do traballo e, moito menos, no doméstico.

En contra do que se di, o profesorado goza de boa consideración social

Hoxe atopamos nas aulas un novo elemento que abriu considerablemente o horizonte da diversidade. Refírome á inmigración. Cre que o profesorado conta con suficientes recursos para acometer o problema?

Non creo que a inmigración formule ningún problema insalvable. É certo que obriga a reformular unha e outra vez o plan de traballo, pero iso acontece sempre cando cambiamos de alumnos. Por outro lado, hai que destacar que, en conxunto, o nivel de educación dos inmigrantes é superior ao dos nenos españois, porque a poboación que chega aquí adoita ser xente que ten oficios propios do sector económico máis moderno e que, a miúdo, manexa un bo nivel de coñecementos. Iso

explica, en parte, a rapidez coa que os alumnos estranxeiros se integran no novo contexto escolar.

Novas culturas e novos credos cando aquí seguimos a debater se a relixión debe ser ou non unha materia avaliable ou computable. Ten isto sentido?

Non ten ningunha razón de ser. A escola é o instrumento de construción da cidadanía e, polo tanto, debe ser laica. Para min, a relixión é un asunto privado e ninguén pode servirse do poder público para fins particulares, por moi transcendentales que sexan. As particularidades relixiosas deben ser xestionadas a través das familias, as igrexas, ou as asociacións de crentes. Non estou en contra de que a Igrexa erga tantas universidades ou ensinanzas postobligatorias como queira; nas fins de semana, ou en vacacións. Mesmo creo que se poden prestar as instalacións escolares, ou que se pode subvencionar, como se subvencionan outras actividades, pero introducila no currículo como unha materia máis, paréceme inaceptable.

Imos cara a unha escola máis multicultural e, por conseguinte, máis integradora?

A multiculturalidade é un feito e vaino ser cada vez máis. Ante esta realidade a escola debe desenvolver proxectos interculturais. Isto non debe formular un problema engadido, porque o proxecto de centro debe estar orientado cara á cidadanía. É dicir, debe conter unhas normas básicas comúns que permitan vivir xuntas a persoas que teñan crenzas e culturas distintas.

Algunhas das súas obras

Educación en tiempos inciertos (2003) Madrid, Morata.
Alumnos gitanos en la escuela paya. Un estudio sobre las relaciones étnicas en la educación (1999) Barcelona, Ariel.

La profesión docente y la comunidad escolar: crónica de un desencuentro (1993-2002) Madrid, Morata.
¿Es pública la escuela pública? (2003) Barcelona, Praxis.

É autor de numerosos artigos.

Foi fundador e director de *Política y Sociedad*.

Tamén fundou e dirixiu a revista *Educación y Sociedad*.